

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE SETEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETO

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Decreto polo que se nomea director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a José Eduardo López Pereira.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea e regula o Comité Molecular de Tumores do Servizo Galego de Saúde (CMT-G).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación San Rosendo para a promoción do turismo terapéutico termal a través do desenvolvemento dun programa de estadias en balnearios da provincia de Ourense, por importe total dun millón de euros (1.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa para obras de reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora da envolvente e acondicionamento interior no pavillón polideportivo de Fontecarmoa, cun investimento de un millón cincocentos noventa e oito mil seiscentos sesenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos (1.598.668,57€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lousame para a realización das obras de vestiarios no campo de fútbol municipal, cun investimento de douscentos sesenta e dous mil douscentos oitenta euros con cincuenta e tres céntimos (262.280,53€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total dun millón setenta e oito mil seiscentos corenta e catro euros con corenta e catro céntimos (1.078.644,44€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total dun millón cento noventa e catro mil cento dezaioito euros con catro céntimos (1.194.118,04€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) e a Universidade de Vigo (UVIGO) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, por un importe total de dous millóns trescentos cincuenta e seis mil cento oitenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (2.356.188,62€).
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Innovación a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas axudas ao abeiro da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a súa convocatoria das axudas VInnovate Galicia para fomentar a cooperación transnacional dos axentes do Sistema Galego de I+D a través de proxectos de colaboración con outros axentes europeos no marco do Mecanismo interrexional VInnovate.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a *Fundación Juan Soñador*, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2024. Importe: cento setenta e dous mil douscentos oitenta e un euros con oito céntimos (172.281,08€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis (A Coruña), promovido por Galicia Green Data Center. S.L

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Lousame, para a execución das obras de Pavimentación do núcleo de Camboño, por un importe de trescentos oitenta e catro mil catrocentos setenta e oito euros con vinte e tres céntimos (384.478,23 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Monterroso, para a execución das obras de Rehabilitación da cafetería e o acceso á área recreativa da Peneda, por un importe de douscentos noventa e catro mil novecentos trinta e tres euros con corenta e tres céntimos (294.933,43 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 43 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela M.IVA.16 do plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).
- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato da obra de construción dun edificio para 14 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela Z-06 do Sector 10 do Parque Ofimático, A Coruña.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a e a Real Academia Galega de Ciencias para levar a cabo a exposición "José Rodríguez, o matemático do Bermés", por importe de sesenta e nove mil novecentos sesenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (69.968,25 €), a modificación da porcentaxe para os pagamentos á conta e pagamentos anticipados e a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para realizar intervencións de conservación na Concatedral de San Xiao de Ferrol (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo (Lugo), por importe total de cincocentos sesenta e seis mil cento noventa e un euros e noventa e oito céntimos (566.191,98€) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos a conta que se prevén no referido convenio.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros.
- Acordo polo que se toma razón da creación pola Consellería do Mar da rede de asesoramento e información ao sector pesqueiro para acadar unha maior eficiencia no acceso e execución de axudas FEMPA e mellora na competitividade empresarial.
- Acordo polo que se toma razón da política de modernización e mellora da eficiencia enerxética da iluminación exterior dos principais portos de titularidade autonómica.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Informe sobre o balance de execución do Plan de nova arquitectura pedagóxica 2021-2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional do proxecto "Acondicionamento da AC-421 na Agualada (Coristanco)".

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta a Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación do servizo de transporte sanitario non urxente da Área de Vigo, por un importe de sete millóns catrocentos oitenta e cinco mil setecentos vinte e un euros (7.485.721,00).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe Xuventude Crea 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o impulso á Rede de técnicos de emprego con 3.400.000 € para apoio na contratación de axentes dinamizadores da economía social.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a posta en marcha do Banco de explotacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A JOSÉ EDUARDO LÓPEZ PEREIRA COMO DIRECTOR DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación de José Eduardo López Pereira no seu cargo de director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, por un período de catro anos. Catedrático de Filoloxía Latina pola Universidade da Coruña (UDC), licenciouse en Filoloxía Clásica pola Universidade de Salamanca e acadou o doutoramento en Filoloxía Latina pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi bolseiro do *Deutscher Akademischer Austauschdienst* na Academia de Baviera, dedicándose aos textos latinos medievais.

En canto á súa traxectoria profesional, foi secretario xeral da UDC durante seis anos e director xeral de Universidades da Xunta de Galicia durante oito anos. Desde 2009 exerce como director desta axencia, órgano que ten como misión fundamental contribuír á mellora da calidade do Sistema universitario de Galicia e que este se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes. Para lograr os seus obxectivos, elabora informes, avaliacións, certificacións e acreditacións das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as referidas á docencia, á investigación, á transferencia de coñecemento e á xestión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O COMITÉ MOLECULAR DE TUMORES NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA ASESORAR NO AVANCE DA ONCOLOXÍA DE PRECISIÓN

- O órgano asesorará o Servizo Galego de Saúde no desenvolvemento da Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia e apoiará a toma de decisións clínicas
- O comité estará integrado por profesionais do ámbito sanitario con experiencia en oncoloxía e hematoloxía de precisión
- Entre outras funcións, propondrá un catálogo de biomarcadores oncohematolóxicos que indicará que características buscar nos tumores e como actuar en cada un deles
- A secuenciación de nova xeración é unha técnica que permite enfocar o tratamento ao perfil molecular do tumor e non centrarse no órgano ou tecido onde se localiza

O Executivo galego aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula o Comité Molecular de Tumores do Servizo Galego de Saúde. Este órgano asesorará o Servizo Galego de Saúde na Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia e funcionará como órgano consultor que apoie a toma de decisións clínicas que deriven da interpretación de achados moleculares complexos en pacientes concretos.

A constitución do Comité molecular de tumores do Sergas permitirá iniciar o camiño para a implantación dunha asistencia sanitaria máis personalizada no campo do cancro. Así, avances tecnolóxicos como a secuenciación de nova xeración permiten mapear o material xenético das células identificando alteracións xenéticas ou anomalías específicas asociadas a unha enfermidade. Polo tanto, prodúcese un cambio de paradigma onde o importante non é xa o órgano ou tecido onde se localiza o tumor, senón o seu perfil molecular.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde nomeará entre 15 e 21 profesionais do ámbito sanitario con experiencia nas áreas de oncoloxía e hematoloxía de precisión para integrar o comité.

Entre as súas funcións establécense emitir recomendacións para a efectiva implementación da Estratexia de Oncoloxía de Precisión, avaliar casos clínicos complexos, establecer que métodos de diagnóstico molecular son máis útiles e eficientes na caracterización molecular dos tumores establecendo protocolos comúns ou propor o catálogo de biomarcadores no ámbito da oncohematoloxía (este catálogo indicará que características buscar nos tumores e como actuar ante cada un deles).

En canto ao seu funcionamento, o Comité molecular de tumores do Sergas reunirse de forma ordinaria polo menos unha vez ao semestre e, en casos clínicos complexos, establecerá a forma de transmisión das recomendacións que emita ao persoal facultativo responsable de cada paciente concreto, recomendacións que pasarán a formar parte da súa historia clínica persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta recolle tamén a creación de grupos de traballo para temas concretos, formado por profesionais das especialidades necesarias, e a colaboración temporal de persoal técnico con formación e experiencia recoñecida no ámbito da oncoloxía, bioloxía molecular ou xenética e cuxo coñecemento sexa necesario para interpretar información molecular complexa.

Dentro da Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia, e enmarcada na Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028, a creación do Comité molecular de tumores do Sergas é a primeira liña estratéxica.

O citado decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA UN NOVO PROGRAMA DE TURISMO DE BENESTAR NA SÚA APOSTA POR IMPULSAR O TERMALISMO

- O Consello autoriza un convenio entre a Fundación San Rosendo e Turismo de Galicia para crear un programa terapéutico termal nos balnearios propiedade da Fundación
- Búscase reforzar a actividade turística vinculada aos balnearios ao tempo que se promociona a desestacionalización e a dinamización do rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación San Rosendo, coa que esta fundación porá en marcha un programa terapéutico termal. Trátase dunha iniciativa coa que se pretende reactivar a actividade turística termal e avanzar na desestacionalización e dinamización do rural.

Cun investimento de 1M€, a Fundación San Rosendo encargárase de realizar este programa nos tres establecementos balnearios da súa propiedade en Arnoia, Laias e Lobios, todos na provincia de Ourense, e incluírá iniciativas axustadas ás indicacións terapéuticas de cada balneario. O programa incluírá a realización dunha análise das necesidades das persoas residentes, a elaboración dun procedemento de atención e intervención individual atendendo ás súas necesidades e avaliación continua do procedemento de atención e intervención.

A Fundación San Rosendo ten previsto organizar o programa en dúas modalidades: estadias de aloxamento ou estadias ambulatorias cun programa que incluírá tanto o tratamento como unha oferta de actividades na contorna próxima ao aloxamento, potenciando o produto local ou de proximidade. Para iso realizaranse accións de promoción do turismo na zona, mellorando o seu coñecemento polo visitante e fomentando o uso e consumo de recursos turísticos.

Último trimestre do ano

A Fundación San Rosendo comercializará os paquetes ás persoas con doenzas específicas identificadas pola Fundación e realizaranse durante este último trimestre do ano. Os potenciais beneficiarios poderán ser ata 1.300 persoas con necesidades terapéuticas especiais (artrose, fibromialxia, problemas dermatolóxicos, rehabilitación e recuperación muscular, afeccións respiratorias...).

Co apoio a esta acción, o Goberno autonómico busca reactivar a actividade turística de saúde, que contou ata maio -os últimos datos dispoñibles para este segmento- con preto de 61.000 viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros que teñen servizo de talaso ou balneario. Ademais, búscase tamén seguir afondando na desestacionalización, tendo en conta que o turismo de saúde é un dos produtos con maior grao de especialización e singularidade e especialmente importante fóra de temporada alta. Trátase de obxectivos enmarcados na Estratexia de Turismo de Galicia 2024-2030, en fase de redacción, que incluírá distintas accións para situar o turismo termal como elemento diferencial do turismo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PAVILLÓN DE FONTECARMOA ULTIMA AS SÚAS OBRAS DE REPARACIÓN CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 2 MILLÓNS DE EUROS, DOS CALES A XUNTA ACHEGA 350.000 EUROS

O pavillón polideportivo de Fontecarinoa, desde hai corenta anos, acolle os partidos e adestramentos dos equipos locais, así como eventos de carácter nacional ou internacional como é o caso do Torneo EncestaRías.

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa para colaborar no financiamento das obras de reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora da envolvente e acondicionamento interior no pavillón polideportivo de Fontecarinoa, cun investimento de 1,6 millóns de euros (1.598.668,57 euros), dos cales a Xunta de Galicia achegará un total de 350.000 euros en 2024. A obra total contou cun investimento de 2 millóns de euros.

Máis polo miúdo, as obras proxectadas consisten na reparación da estrutura, substitución das cubertas para eliminar a actual de amianto, a reforma de toda a envolvente para mellorar as condicións térmicas incluíndo a renovación de carpintaría exterior, o acondicionamento interior do edificio con actuacións na pista, aseos e vestiarios, a reforma da instalación eléctrica, implantación dun sistema de ventilación e climatización e a instalación de placas fotovoltaicas. O resultado será un complexo deportivo confortable, seguro e saudable en que rexerán os principios de funcionalidade e seguridade acompañados de criterios de eficiencia enerxética, adaptación climática, racionalidade construtiva, custos moderados e fácil mantemento.

Cómpre salientar a importancia do pavillón polideportivo de Fontecarinoa que, desde hai corenta anos, acolle os partidos e adestramentos dos equipos locais, así como eventos de carácter nacional ou internacional como é o caso do Torneo EncestaRías que, verán tras verán, achega a Vilagarcía os mellores equipos do panorama baloncestístico europeo.

O deporte galego acadou en 2023 o que ata aquel momento era o maior orzamento da serie histórica superando os 44 millóns de euros. Cómpre salientar que, deste orzamento total preto de 22 millóns de euros, o 50 %, dedicáronse á construción e mellora de instalacións. Tras este esforzo histórico, o orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, volveu medrar ata un novo récord, neste caso, de 56 millóns de euros -preto dun 30 % máis-, polo que o pulo polas infraestruturas deportivas segue completamente vixente neste 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE LOUSAME CONTARÁ CON VESTIARIOS GRAZAS A UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 262.000 EUROS E UNHA ACHEGA DA XUNTA DO 80 %

O campo municipal da Silva, na parroquia de San Xoán de Lousame, é unha das instalacións deportivas do concello coruñés máis importantes polo uso que lle dan os equipos locais en todas as súas categorías

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lousame para a realización das obras de vestiarios no campo de fútbol municipal, cun investimento de máis de 262.000 euros (262.280,53 euros), dos cales a Xunta de Galicia achegará o 80 %, supoñendo preto de 210.000 euros (209.824,42 euros).

O campo municipal da Silva, na parroquia de San Xoán de Lousame, é unha das instalacións deportivas do concello coruñés máis importantes polo uso que lle dan os equipos locais en todas as súas categorías. A construción duns vestiarios é necesaria xa que, na actualidade, os usuarios empregan os dun colexio próximo. Deste xeito, as actuacións que se van acometer comprenderán unha construción de forma rectangular que albergará dous vestiarios independizados para o equipo local e visitante, e dous vestiarios independizados para árbitros, así como aseos e aseos adaptados, tendo en conta a accesibilidade. O resultado será dotar as instalacións do campo de fútbol dunhas condicións óptimas e adecuadas para o uso deportivo e que mellora a calidade de uso e o fomento da práctica deportiva nesta instalación.

O deporte galego acadou en 2023 o que ata aquel momento era o maior orzamento da serie histórica superando os 44 millóns de euros. Cómpre salientar que, deste orzamento total preto de 22 millóns de euros, o 50 %, dedicáronse á construción e mellora de instalacións. Tras este esforzo histórico, o orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes volveu medrar ata un novo récord, neste caso, de 56 millóns de euros -preto dun 30 % máis-, polo que o pulo polas infraestruturas deportivas segue completamente vixente neste 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 33 % O INVESTIMENTO EN I+D+I NAS UNIVERSIDADES E SUPERA XA OS 58M€ NO PERÍODO 2019/2024

- O Consello da Xunta autoriza unha nova inxección de 4,6M€ para que os órganos universitarios intensifiquen a súa actividade investigadora e científica este ano
- Estes novos recursos reforzan ata case 19M€ os convenios iniciais de 14M€ para o bienio 2023-24, e formalizaranse a través de addendas coa USC, UVigo e UDC

A Xunta de Galicia reforza o apoio ás universidades públicas galegas en materia de I+D+i cunha nova inxección orzamentaria de 4,6M€ para este ano, o que supón incrementar nun 33% a dotación inicial acordada correspondente ao período 2023-24 para impulsar esta liña prioritaria do Plan galego de financiamento universitario.

Deste xeito, a través das respectivas addendas autorizadas hoxe polo Consello da Xunta coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa de Vigo (UVigo) e coa da Coruña (UDC), estas pasarán a percibir preto de 19M€ fronte aos 14M€ iniciais co fin de fortalecer e enriquecer as súas infraestruturas científicas e equipamento tecnolóxico. Este reforzo supón, ademais, consolidar un investimento de máis de 58M€ en accións estratéxicas de I+D+i nas universidades públicas galegas no período 2019/2024.

Así pois, as tres universidades públicas galegas poderán ampliar, implementar e reforzar as accións previstas no convenio asinado en 2023 e que agora se enriquece cunha nova dotación orzamentaria por parte do Goberno galego, o que lles permitirá intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Entre os conceptos obxecto de financiamento está o reforzo dos centros de excelencia da Rede de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, así como a captación e retención de talento investigador, o impulso e divulgación científica, estratexias para promover as titulacións duais e accións para a especialización dos campus. Tamén se inclúen as obras, o acondicionamento de laboratorios e adquisición de equipamento tecnolóxico de alta especialización.

Universidade de Santiago, 7,7M€

No caso da USC, recibirá case 1,2M€ máis sobre os 6,5M€ do período 2023-24, polo que a contía final se eleva a máis de 7,7M€. Con esta nova inxección, a Universidade compostelá vai reforzar as contías de apoio aos seus centros de investigación, á ampliación de contratos posdoutorais, aos seus centros da Rede de centros de investigación, a actividades de divulgación da investigación e a promover melloras da calidade dos seus mestrados, entre outros.

Universidade de Vigo, 5,8M€

Na Universidade de Vigo (UVigo), a contía total para 2023-24 elévase a máis de 5,8M€ con esta nova achega de 2,35M€ que, neste caso, se concentrará en afianzar obras singulares de apoio á investigación, intensificar o apoio aos seus centros de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investigación, o desenvolvemento de accións de alto impacto en I+D+i, captación de talento e promoción da calidade da docencia.

Universidade da Coruña, 5,2M€

No caso da Universidade da Coruña (UDC) recibirá una inxección de 1,08M€ ata acadar unha contía total de máis de 5,2M€ entre 2023 e 2024. Con este reforzo, afianzará as accións de impacto xa previstas co impulso específico do desenvolvemento do proxecto Sigma Academics (un novo software de xestión académica integral), o reforzo dos campus de especialización e dos laboratorios tecnolóxicos, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA IMPULSAR OS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN GALEGOS A NIVEL INTERNACIONAL

- O Consello aproba a convocatoria Vinnovate Galicia, no marco dun novo mecanismo europeo interrexional, para impulsar a I+D+i
- Apoiaranse proxectos de consorcios conformados por entidades de, polo menos, dúas rexións europeas en temáticas como a intelixencia artificial, a bioeconomía, a mediación personalizada ou a nanotecnoloxía, entre outras
- As axudas poderán acadar os 500.000 euros por proxecto

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria Vinnovate Galicia, unha nova iniciativa impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Con esta medida búscase apoiar a participación galega no novo mecanismo de financiamento de proxectos interrexionais de I+D+i, Vinnovate, posto en marcha pola alianza *Vanguard Initiative*.

A nova convocatoria, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e que ascende a 1M€ cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, financiará os axentes galegos que participen en proxectos de desenvolvemento experimental entre empresas e organismos de investigación de, polo menos, dúas rexións das 11 rexións participantes e que estean centrados en ámbitos temáticos aliñados coas súas respectivas estratexias de Especialización Intelixente. Isto son as áreas en que cada rexión se está especializando debido ás súas capacidades específicas.

O seu obxectivo é potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional dos axentes do sistema galego de I+D+i, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D+i.

O consorcio galego deberá estar constituído por entre dúas e catro entidades que non deben estar vencelladas entre si e unha delas debe ser unha peme, cunha participación mínima no orzamento do 15 %. As axudas poderán acadar os 500.000 euros para proxectos que deberán comezar no ano 2024 e finalizar antes do 30 de setembro de 2027 e o orzamento mínimo da participación galega será de 150.000 euros.

Procedemento e prazos de solicitude

O procedemento de solicitude consta de dúas fases: unha primeira, ata o 16 de setembro, en que o líder do proxecto debe presentar ante a *Vanguard Initiative* un formulario de adecuación da proposta que será respostado no prazo máximo de dez días hábiles coa finalidade de verificar que no consorcio participan entidades adscritas a Vinnovate e, posteriormente, se o informe é favorable, a entidade galega deberá presentarse á convocatoria da Axencia Galega de Innovación. O prazo de presentación de solicitudes desta segunda fase comezará o 20 de setembro e rematará o 30 de outubro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As áreas temáticas en que deben estar centrados os proxectos son: bioeconomía, intelixencia artificial, hidróxeno, saúde intelixente e medicina personalizada, fabricación avanzada para aplicacións enerxéticas *offshore*, produción de alto rendemento a través de impresión 3D, novos produtos de base nanotecnolóxica e fabricación eficiente e sustentable.

A *Vanguard Initiative*, da cal Galicia forma parte desde 2015, é unha alianza formada por 38 rexións europeas que ten como obxectivo estimular o crecemento europeo baseado na I+D+i a través da colaboración interrexional e a especialización intelixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 170.000 EUROS AO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL DE NENOS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE RISCO DA FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

Sumados os fondos propios da entidade, a iniciativa supera os 200.000 euros de orzamento, un 5 % máis que o ano pasado

O Consello da Xunta de Galicia autoriza hoxe un convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Juan Soñador que dá continuidade ao programa socioeducativo, de ocio e tempo libre e de atención integral a nenos e adolescentes en situación de risco, desamparo ou exclusión social. O orzamento deste acordo de colaboración é de 205.000 euros, un 5 % máis con respecto ao do ano pasado, dos cales a Administración autonómica achega 172.000 euros e o resto son fondos propios da entidade.

O Goberno galego leva desde o ano 2015 dando o seu apoio económico a esta iniciativa, que desde entón xa atendeu preto de 3.000 menores con idades comprendidas entre os 6 e os 18. A previsión para este exercicio de 2024 é atender 400 novos rapaces.

O programa desenvólvese en catro eidos fundamentais: a atención escolar, para o apoio educativo destes menores; o desenvolvemento persoal e social, a través de titorías e obradoiros centrados na educación emocional; a dinamización do ocio e o tempo libre, con que se realizan actividades lúdicas e culturais de cara a un crecemento saudable, e a atención familiar, mediante o acompañamento a estas no proceso de acollemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO O PRIMEIRO GRAN CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS DE GALICIA PARA AVANZAR NUN MODELO ECÓNOMICO DIXITAL E SUSTENTABLE

- A iniciativa, que irá localizada no concello de Curtis, supón un investimento de 51M€ e prevé a creación de máis de 150 empregos nas fases de construción e funcionamento
- Dotará a Galicia de soberanía sobre o control de datos da Comunidade Autónoma
- Ten o obxectivo de afrontar o reto dixital e ambiental e ademais está aliñado co Plan Estratéxico de Galicia 2030

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico do centro de procesamento de datos impulsado pola empresa Galicia Green Data Center no concello coruñés de Curtis e, máis concretamente, en catro parcelas no polígono industrial Curtis-Teixeiro cunha superficie total de 40.155 m². A iniciativa contará cun investimento de 51M€ e prevé a creación de 130 empregos directos na fase de construción e a creación de 45 postos de traballo cando o proxecto entre en funcionamento.

Será a primeira infraestrutura destas características con que conte Galicia e terá capacidade para aloxar os datos das empresas e institucións galegas. O futuro centro de procesamento dotará de soberanía sobre o control dos datos da Comunidade autónoma ademais de permitir avanzar na consecución dun modelo económico dixital e sustentable.

Deste xeito, no senso dixital cómpre valorar que o sector TIC en Galicia é un dos sectores fundamentais para o desenvolvemento económico e social do territorio ao experimentar un crecemento significativo e sostido durante os últimos anos. Ademais, a nivel ambiental, unha infraestrutura deste tipo, "positiva en carbono", situará a Galicia na vangarda tecnolóxica nun contexto en que a demanda deste tipo de infraestruturas xeradas por tecnoloxías como a intelixencia artificial experimentará un crecemento elevado e continuado nos próximos anos.

O proxecto estará composto dun centro de procesamento de datos TIER III de ata 15MW IT formado por un edificio dividido en tres salas diferentes cunha superficie por sala de aproximadamente 1667 m² cada unha. Inclúe unha subestación eléctrica transformadora (SET) anexa ao data Center e unha conexión principal cunha liña subterránea de 66kV e unha subministración secundaria de 15 kV.

Esta actuación contribúe ao impulso das TIC e ao desenvolvemento dun sector industrial máis competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado; avanza cara a unha Galicia máis ecolóxica e sustentable, e apoia o reto demográfico xerando arraigamento e atracción de talento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O centro de procesamento de datos de Curtis cumpre cos requisitos para ser declarado como proxecto industrial estratéxico, entre os que se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento *Instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU*. Neste caso, o proxecto suporá un investimento de 50,8M€ e está ten o obxectivo de afrontar o reto dixital e o reto ambiental, ademais de estar aliñado con Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e coas principais estratexias industriais nacionais e europeas que abordan os retos dunha Europa dixital como son a Estratexia europea de datos, a Axenda España Dixital 2026 e a Estratexia de intelixencia artificial 2024.

Galicia Green Data Center, que forma parte do grupo internacional Ingenostrum, nace no ano 2024 co obxectivo de desenvolver proxectos de centros de datos, así como servizos de enxeñaría e intermediación e xestión para a obtención de financiamento de proxectos de centros de datos sostibles.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugar dos Forestal del Atlántico; así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovida por Cobre San Rafael, e á planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde Arteixo H2V.

A declaración do centro de procesamento de datos de Curtis como proxecto industrial estratéxico suporá a súa inclusión de oficio no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais dirixida a impulsar e facilitar a implantación e ampliación en Galicia de iniciativas que creen riqueza e contribúan ao desenvolvemento do tecido empresarial e industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LOUSAME PARA A MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO VIARIO DO NÚCLEO DE CAMBOÑO, CUN INVESTIMENTO DE CASE 385.000 €

- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, algo máis de 269.000€, contratará e executará as obras
- A entidade local achega o 30 % restante, redactará o proxecto e realizará as xestión para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- Renovarase o pavimento no interior do rural de Chousa, O Corral de Arriba e O Corral de Abaixo, na parroquia de Camboño, mellorando os acabamentos, renovando a canalización da augas pluviais e Instalando tubaxe para o futuro servizo de auga potable
- A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan HURBE, un programa impulsado polo Goberno galego co cal se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Lousame para a mellora do espazo público viario do núcleo de Camboño, cun investimento de case 385.000 euros.

A través desta colaboración trátase de executar as obras de pavimentación deste núcleo de poboación, cuxo conxunto de actuacións pretenden a mellora estética e funcional deste espazo público empregado a día de hoxe como vía e zona de espaxamento cotiá dos veciños do municipio coruñés.

En relación coa s obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, algo máis de 269.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Lousame achegará o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 115.000 euros; así como a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, e a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Na actualidade o interior do núcleo rural de Chousa, O Corral de Arriba e O Corral de Abaixo, pertencente á parroquia de Camboño neste municipio coruñés, presenta un pavimento de formigón moi deteriorado debido ao paso do tempo e á realización de diferentes reposicións.

Coa finalidade de mellorar o espazo público viario deste núcleo rural prevese, así, executar as obras necesarias, en que se incluírán a substitución do seu pavimento coa mellora dos acabamentos e do seu aspecto, e a renovación da canalización para a recollida da augas pluviais, a instalación de tubaxe para o futuro servizo de auga potable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención incluirá tamén a instalación de iluminación pública e o soterramento das redes de BT e telecomunicacións existentes na actualidade no ámbito de actuación.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan HURBE, coas que a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas se contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A colaboración entre este departamento e o Concello de Lousame enmárcase na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. No marco do Plan Hurbe xa foron executadas e incorporadas ao patrimonio público municipal de Lousame as obras de humanización do acceso á Casa da Cultura e a mellora da vía das Bouciñas a Croído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO CO CONCELLO DE MONTERROSO PARA A REHABILITACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA PENEDA

- As intervencións suporán un investimento que rolda os 295.000 euros e forman parte do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- Trátase de mellorar as condicións de confort dos usuarios da área recreativa, así como as súas condicións de funcionalidade e integración paisaxística.
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, que supera os 206.000 euros, contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30 % restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Monterroso para executar as obras de rehabilitación da área recreativa da Peneda, que suporán un investimento que rolda os 295.000 euros.

A intervención obxecto deste convenio da Xunta enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, sendo neste caso o obxectivo mellorar as condicións de confort dos usuarios da área recreativa, así como as súas condicións de funcionalidade e integración paisaxística.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento que supera os 206.000 euros, contratará e executará as obras.

O Concello de Monterroso achegará o 30 % restante do custo das actuacións, algo máis de 88.000 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

As actuacións

Na actualidade a cafetaría da área recreativa da Peneda está en uso, pero non dispón de elementos exteriores de sombra e elementos prefabricados adecuados á contorna, tanto pola súa cor como polo seu deseño e material. Ademais, o acceso peonil atópase

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

moi deteriorado, presentado desniveis e irregularidades que dificultan a accesibilidade, e a zona exterior de aparcadoiro tampouco está acondicionada.

Coas obras previstas baixo o convenio autorizado hoxe, procederase á rehabilitación da cafetería, en que se pretende mellorar a súa envolvente térmica e realizar pequenos axustes na distribución interior, modernizando as instalacións e os acabamentos.

Así mesmo, está proxectada a instalación dunha pérgola e unha pequena construción de uso estacional no espazo anexo á edificación. Tamén se prevé a urbanización dos accesos peonís.

Baixo este acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta de Galicia segue impulsando a continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AVANZA NA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA NOS CONCELLOS DE VIGO E CORUÑA

- O Goberno galego autoriza a licitación por preto de 355.000€ do servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 43 inmobles, garaxes, rochos e locais na parcela IVA-16, do polígono 1 de Navia (Vigo)
- A Xunta dá luz verde para a contratación das obras de 14 novas vivendas de promoción pública no barrio coruñés de Xuxán, cun investimento de máis de 3,1 M€
- A Xunta está a executar as obras de urbanización no polígono 1 de San Paio de Navia, en Vigo, para acoller 359 vivendas de promoción pública, e prevé neste ámbito reforzar o parque residencial coa habilitación de solo para a construción de 374 vivendas protexidas de promoción privada
- Coa nova contratación aprobada hoxe, o número de vivendas de promoción pública executadas ou en execución no barrio coruñés de Xuxán acada as 144, das cales 40 xa foron entregadas aos adxudicatarios
- A Xunta segue avanzando na Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver chan para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres

Segundo trasladou o presidente do Executivo galego, Alfonso Rueda, o Consello da Xunta acordou hoxe a contratación tanto da redacción de proxectos e dirección de obras para a nova construción de 43 vivendas de promoción pública en Navia, Vigo, como das obras de 14 vivendas, tamén de promoción pública, no barrio coruñés de Xuxán.

Así, para o presidente da Xunta, os progresos na construción de “57 novas vivendas de promoción pública en Vigo e na Coruña” implican un avance máis “no proceso para cumprir ese obxectivo de duplicar nesta lexislatura o número do parque de vivendas con algún tipo de réxime de promoción pública”.

Neste sentido, Rueda anunciou que as 43 vivendas en San Paio de Navia suporán “completar ao 100%” as 359 vivendas públicas planificadas para o polígono 1 de San Paio de Navia. No caso do barrio coruñés de Xuxán, “o obxectivo é chegar a 1500 vivendas protexidas” e “estamos falando co concello da Coruña para dispoñer de máis chan para poder seguir construíndo vivendas protexidas”.

Con estes anuncios, o Goberno galego continúa traballando no cumprimento do seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda, e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Redacción do proxecto en San Paio de Navia

A licitación autorizada hoxe, por un importe de 354.671 euros, ten por obxectivo a adxudicación dos servizos de redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 43 vivendas, garaxes, rochos e locais comerciais na parcela M-IVA-16 do polígono 1 de San Paio de Navia.

A parcela ten unha superficie de 1.407 m² e está a ser urbanizada pola Xunta de Galicia.

Cómpre lembrar que neste polígono 1 de San Paio están a desenvolverse as obras de urbanización e, co obxectivo de que estas vivendas poidan ser unha realidade o antes posible, desenvolveranse de forma paralela aos traballos construtivos dos edificios residenciais.

Ademais das 359 vivendas de promoción pública prevista neste ámbito, o parque residencial da cidade de Vigo reforzarase coa habilitación neste mesmo polígono de solo para a construción de 374 vivendas protexidas de promoción privada.

Ademais, a Xunta ten neste momento en fase de contratación as obras de urbanización do polígono 2 por un investimento de preto de 16,4M€, para acometer o acondicionamento desta zona, fases A e B de San Paio de Navia, que permitirá a construción dun total de 719 vivendas protexidas.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitarao nas vindeiras semanas.

Contratación das obras no barrio de Xuxán

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á contratación das obras para dotar o barrio coruñés de Xuxán de 14 novas vivendas de promoción pública (VPP), que suporán un investimento de 3,1 millóns de euros.

Con esta nova contratación, o número de VPP executadas ou en execución neste barrio da Coruña acadan as 144, das cales 40 xa foron entregadas aos adxudicatarios.

A nova promoción pública localízase na parcela Z-06 de Xuxán, onde se construírá un edificio de nova planta para destinalo a 14 vivendas, de 2 dormitorios, cunha superficie útil de entre 65,83 m² e 79,52 m². Ademais, disporá de 22 prazas de aparcadoiro e 14 rochos.

O edificio consta dunha planta de soto, planta baixa e dúas plantas altas. O acceso ao portal realízase desde a rúa Milagros Rey Home.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á organización do inmovible, na planta baixa atópase o portal onde se sitúa o núcleo de ascensor e escaleiras, que comunican entre si as distintas plantas, así como os cuartos de contadores das instalacións de electricidade e fontanaría. O resto de planta baixa ocúpano 4 vivendas. No exterior atópase un espazo aberto pavimentado.

Nas dúas plantas altas atópanse as 10 vivendas restantes.

Na planta soto organízase o garaxe comunitario, coas 22 prazas de aparcadoiro, os cuartos de instalacións e os 14 rochos. O acceso ao soto realízase desde a mesma rúa que o portal.

En planta de cuberta sitúanse un cuarto de instalacións, así como unha zona transitable para mantemento e conservación desta.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras nas vindeiras semanas. O obxectivo é comezar os traballos este ano, para telas rematadas en 2026.

O Executivo autonómico continúa a traballar para pór á disposición dos coruñeses neste barrio máis de 1.500 vivendas protexidas, sumando as executadas pola Xunta e as construídas por promotores e cooperativas sobre solo adxudicado polo Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SÚMASE ÁS HOMENAXES AO MATEMÁTICO RODRÍGUEZ COMO CIENTÍFICO DO ANO NO SEU BICENTENARIO

- A Xunta de Galicia e a Real Academia Galega de Ciencias colaborarán na divulgación da obra deste ilustre veciño de Bermés cunha exposición
- Esta mostra, que será itinerante, desprazarase a Santiago, Lalín e Madrid

O Consello deu luz verde ao convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) para impulsar a exposición *José Rodríguez, o matemático do Bermés*, unha iniciativa con que a Xunta se suma ás celebracións que homenaxean ao longo deste ano ao Matemático Rodríguez no bicentenario do seu falecemento.

Esta iniciativa, a través das consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e de Cultura, Lingua e Xuventude, contará cun financiamento de 65.000 euros co obxectivo de divulgar e dar a coñecer a figura e a obra do científico galego José Rodríguez coincidindo co 200 aniversario do seu falecemento.

A exposición coincide co nomeamento deste ilustre veciño de Bermés (Lalín) como o científico galego do ano 2024. Enmarcada nas actividades do Día da Ciencia en Galicia, unha celebración promovida pola RAGC, este traballo reivindica o valor da investigación científica a través de figuras destacadas como é o caso do Matemático Rodríguez.

A mostra, que será itinerante, comezará o seu percorrido en Santiago de Compostela para despois viaxar ata Lalín -municipio que o viu nacer- e a Madrid. *José Rodríguez, o matemático do Bermés* pretende chegar ao público xeral o legado dun dos matemáticos máis relevantes de Galicia. José Rodríguez González destacou no século XIX polo seu traballo en diferentes ramas das Matemáticas e pola súa contribución ao desenvolvemento científico da súa época.

Promoción do talento galego

Con esta mostra a Xunta de Galicia avanza na promoción do talento galego e na divulgación da nosa historia científica e cultural. Para iso, o convenio tamén establece as condicións de colaboración entre as distintas consellerías implicadas e a RAGC, permitindo que esta última dispoña dos fondos necesarios para a organización da exposición. Este proxecto subliña a importancia de preservar e difundir a memoria dos grandes científicos galegos, asegurando así que as novas xeracións coñezan e valoren a súa contribución ao avance do coñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 560.000€ NA CONSERVACIÓN DA CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL E DA CATEDRAL DE MONDOÑEDO

- O Consello da Xunta dá luz verde o convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para actuar nestes dous bens
- No caso de San Xiao, as actuacións inclúen a restauración da torre sur da concatedral cunha achega de máis de 318.000€
- Na catedral de Mondoñedo, destínanse preto de 250.000€ para reparar a cuberta e á renovación da iluminación e electricidade
- Os traballos intervencións realízanse ao abeiro do Plan catedrais Galicia, a folia de ruta dotada con 38 M€ co horizonte do Xacobeo 2027

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Diocese de Mondoñedo-Ferrol para contribuír a posta en valor e mantemento da concatedral da San Xiao de Ferrol e da catedral de Mondoñedo. Trátase dun acordo que, no seu conxunto, supón un investimento de máis de 560.000€ para realizar intervencións de protección, conservación e rehabilitación nestes dous bens patrimoniais ao longo deste ano 2024 e do 2025.

No caso da concatedral de San Xiao, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinará máis de 318.000 euros para obras de restauración da torre sur, que presenta deterioración vencellada co paso do tempo, coas inclemencias meteorolóxicas e coa polución. Así, as intervencións terán como fin actuar sobre elementos afectados pola corrosión. Ademais, tamén se fará limpeza de superficies e restauraranse as escaleiras e as reixas, entre outras obras.

Estas actuacións dan continuidade aos traballos realizados o pasado ano no marco doutro convenio de colaboración entre o Goberno galego e esta diocese. Naquel momento, as achegas do Goberno galego foron dirixidas a resolver as patoloxías da fachada e a cuberta das cúpulas cunha achega de 450.000 euros.

Cómpre destacar que este templo catedralicio constitúe o ben patrimonial máis singular do Barrio da Magdalena, declarado ben de interese cultural polo seu conxunto histórico.

Reparación da cuberta e iluminación e electricidade da catedral de Mondoñedo

O convenio de colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Ferrol-Mondoñedo aprobado hoxe polo Consello da Xunta tamén inclúe a reparación das vigas da cuberta da catedral de Mondoñedo cunha achega de preto de 200.00 euros, ao cal se lle engade a renovación da iluminación e da electricidade deste templo catedralicio, nas naves, deambulatorio, sancristía e capelas. A isto último, o Goberno galego destina máis 48.000 euros.

Débase aclarar que a catedral de Mondoñedo posúe unha instalación eléctrica antiga, realizada nos anos 60 do pasado século XX, e mantén tamén iluminación desa mesma

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

época. Por iso, o obxecto destas actuacións é adaptar as instalacións renovadas á normativa actual e conseguir unha iluminación máis eficiente que potencie o valor artístico e patrimonial da nave, do deambulatorio, da sancristía e das capelas.

Cómpre recordar que en 2021 o departamento de Cultura do Goberno galego levou a cabo un primeiro investimento de máis de 300.000 euros na catedral de Mondoñedo para a restauración do conxunto mural do presbiterio e nave central.

Plan catedrais

Ambas as dúas actuacións forman parte da liña de traballo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para conservar e pór en valor o patrimonio máis sobranceiro da Comunidade ao abeiro do Plan catedrais Galicia 2021-2027.

Trátase da folla de ruta para actuar nos templos catedralicios de Galicia co horizonte de 2027 e conta con 38 millóns de euros para reformar seis catedrais (Santiago de Compostela, San Martiño de Mondoñedo (Foz), Santa María de Lugo, Virxe da Asunción de Mondoñedo, San Martiño de Ourense e Santa María de Tui) e dúas concatedrais (San Xiao de Ferrol e Santa María de Vigo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA 650.000 EUROS EN AXUDAS A ENTIDADES DO SECTOR PESQUEIRO PARA PROXECTOS DE PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE E OS ECOSISTEMAS

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará en próximos días a convocatoria destas achegas que están enmarcadas no Plan MARLIMPO que ten como obxectivo un ambiente costeiro e mariño saudable, produtivo e bioloxicamente diverso
- O 74 % dos plans de xestión de marisqueo xeral 2024-2026 e o 69 % dos plans de xestión de recursos específicos 2021-2023 consideran a recollida de lixo mariño como traballo de conservación
- Tamén se pretende contribuír a combater os efectos negativos que ocasionan as proliferacións de algas en determinadas zonas do litoral que poden afectar os bancos marisqueiros

O *Diario Oficial de Galicia -DOG-* publicará nos vindeiros días a orde de axudas destinadas a financiar proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Estas achegas, que foron analizadas hoxe no Consello da Xunta, dan continuidade aos apoios que se veñen dando ao sector desde o ano 2020 e que permitiron o desenvolvemento de 36 proxectos que permitiron a retirada de 424 toneladas de residuos.

Esta convocatoria está enmarcada no Plan MARLIMPO, elaborado pola Consellería do Mar, que ten como obxectivo contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo saudable, produtivo e bioloxicamente diverso que satisfaga as necesidades a longo prazo das persoas. As actuacións que se van desenvolver incidirán na redución do lixo mariño facilitando a protección do medio de traballo das persoas pescadoras e mariscadoras e a promover o seu papel fundamental como gardiáns do mar, proporcionando coñecemento sobre o tipo, cantidades e distribución do lixo mariño.

Así, poderán solicitar estas axudas as confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar, e demais entidades asociativas sen ánimo de lucro, xuridicamente recoñecidas, e constituídas por persoas pescadoras ou mariscadoras. As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *DOG* nos vindeiros días.

Nesta liña, compre destacar que o 74 % dos plans de xestión de marisqueo xeral 2024-2026 e o 69 % dos plans de xestión de recursos específicos 2021-2023 recollen e teñen autorizada a recollida de lixo mariño como traballo de conservación, o cal demostra un elevado grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. Ademais, moitos plans de xestión tamén recollen actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de limpeza de algas ou elementos prexudiciais para o medio mariño que son necesarias para evitar efectos negativos nos recursos.

Retirada de algas

O sector pesqueiro está sendo afectado polas consecuencias do cambio climático, entre outras, as condicións meteorolóxicas extremas, os cambios na distribución de especies, a aparición de especies exóticas e a proliferación de algas. Para abordar esta cuestión, e como novidade, o Plan MARLIMPO pretende contribuír a combater os efectos negativos que ocasionan as proliferacións recorrentes de algas en determinadas zonas do litoral que poden afectar os bancos marisqueiros.

As arribazóns de algas, sobre todo as que se producen acumulacións masivas de ulváceas, deposítanse de forma recorrente en zonas concretas do litoral na primavera e verán e poden provocar unha forte demanda de oxíxeno que afecte os moluscos bivalvos dando lugar á súa mortalidade, así como a unha diminución da biodiversidade.

A Consellería do Mar realizou un estudo das arribazóns de algas con base na información proporcionada polas entidades asociativas do sector, dando como resultado que as zonas de proliferación anormalmente alta de algas no litoral de Galicia se corresponden con fondos de ría. Así, detectáronse como puntos máis excepcionais de alta acumulación de algas de arribazón na costa galega, zonas concretas situadas, maioritariamente, nas rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORMALIZA O CONTRATO PARA A CREACIÓN DA REDE DE OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA OS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO NOVO FEMPA

- A empresa adxudicataria é KPMG Consultores será a encargada de poñer á disposición o equipo humano e técnico para prestar o servizo en Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, A Coruña, Ferrol e Viveiro, ademais de crear o espazo dixital
- O contrato de preto de 1,9 millóns de euros establece unha vixencia inicial de dous anos, e inclúe a posibilidade de prórroga por 12 meses
- Esta ferramenta pretende ser un reforzo para a Consellería do Mar e evitar que se reproduzan obstáculos que limitaron a execución financeira do FEMP

A Consellería do Mar formaliza o contrato do servizo de asesoramento a posibles beneficiarios das axudas á pesca, á acuicultura, á transformación e a comercialización dos produtos do mar e cultivos mariños xestionadas pola Consellería do Mar e financiadas polo novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa). Así se recolle no informe trasladado esta mañá polo conselleiro do Mar, Alfonso Villares, ao Consello da Xunta e permitirá prestar un servizo híbrido coa apertura dunha rede de sete oficinas para asesorar de forma presencial nas localidades de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, A Coruña, Ferrol e Viveiro, así como unha oficina virtual para o asesoramento telemático mediante a creación dun espazo dixital con toda a información.

Este contrato dá cumprimento ao anuncio realizado polo presidente do Executivo galego, Alfonso Rueda, durante a súa intervención no debate sobre o Estado da autonomía do ano pasado. Alí sinalou que o obxectivo desta nova rede é a de contribuír a aproveitar cada euro do novo fondo comunitario para o sector. A Consellería do Mar pretende con esta e outras medidas unha eficiente execución financeira do novo fondo.

O contrato foi adxudicado a KPMG Consultores por valor de preto de 1,9 millóns de euros e establece unha duración inicial de 2 anos, prorrogables durante 12 meses máis. Esta empresa será a encargada de poñer á disposición o equipo humano e técnico para prestar o servizo así como de buscar e propoñer os locais e sufragar os seus custos. Sobre a localización definitiva terá a derradeira palabra a Xunta.

A empresa contratista tamén deberá participar nos traballos de promoción e difusión deste servizo e na captación de destinatarios dos servizos. Por outra banda, asesorará a Consellería do Mar sobre os aspectos susceptibles de mellora para impulsar os principios de boa xestión financeira, de eficacia e de redución da carga administrativa.

En canto aos medios humanos, contará cun equipo centralizado do proxecto e con asesores que atenderán cada unha das oficinas da rede. O primeiro estará composto,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como mínimo, polos perfís de director do proxecto, un responsable do plan de asesoramento, un encargado do plan de comunicación, e un experto en redes sociais.

O equipo das oficinas de asesoramento presencial estará composto por nove persoas, todos titulados superiores universitarios e, ademais de poder demostrar que xa realizaron proxectos para as administracións, deberán acreditar coñecementos en asesoramento empresarial, en transformación dixital e sobre fondos europeos a empresas, así como un mínimo de experiencia de 2 anos.

A empresa tamén realizará un evento por oficina e ano para a difusión do proxecto, así como o fomento de *networking* e de creación de sinerxías e colaboración. Ademais, organizará obradoiros ou actividades de formación en cada unha das oficinas da rede ou de forma telemática. Estas accións servirán, principalmente, como divulgación e sensibilización tecnolóxica e de competitividade e as súas temáticas circunscribíranse ás materias obxecto dos servizos de asesoramento.

A combinación desta rede situada nas principais áreas vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro galego e a súa industria transformadora, xunto cos servizos dixitais que se porán en marcha, persegue prestar o mellor asesoramento particularizado ás necesidades de cada destinatario dos servizos. O obxectivo final é incrementar os investimentos ligados ás axudas do Fempa, o que redundará nunha maior creación de emprego e potenciará as economías locais das zonas onde se executan os proxectos e, en xeral, contribuír xerar riqueza e a elevar o PIB de Galicia.

Obxectivos e recursos do fondo

O Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), entrou en vigor este ano como único mecanismo financeiro para as políticas marítimo-pesqueiras da UE, e ten como prioridades o fomento da pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos; o desenvolvemento de actividades acuícolas sustentables, e potenciar a transformación e comercialización dos produtos que utilizan estas materias primas.

No 2022 a Comisión Europea aprobou o programa operativo para España do Fempa, fondo do cal España é o principal país perceptor, co 21,1 % do total, 1.120 millóns de euros. Desta cantidade, o Estado reservou 233,4 millóns de euros e deixou os restantes 886,6 millóns para as comunidades. Galicia percibirá máis catro de cada dez euros destinados ás autonomías, con 366,2 millóns de euros para a totalidade da vixencia do novo fondo, que alcanzará ata finais desta década.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 3 MILLÓNS NA MODERNIZACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN DOS 26 PORTOS PRINCIPAIS A TRAVÉS DE TECNOLOXÍA LED CON CONTROL TELEMÁTICO

Portos de Galicia adxudicou o contrato para a instalación de máis de 2.500 luminarias e proxectores exteriores así como a revisión e posta a punto de 625 xa existentes e o equipamento informático necesario para a súa xestión a distancia

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, adxudicou o contrato de servizos para renovación de luminarias exteriores e modernización dos sistemas de iluminación nos 26 portos autonómicos de maior relevancia. Así consta no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta en que se dá conta desta actuación que supón un investimento de 3 millóns de euros.

Os traballos previstos consisten na subministración e instalación de sistemas de iluminación LED en substitución das actuais luminarias para crear espazos portuarios máis eficientes no consumo enerxético, reducindo a contaminación luminosa e mellorando a súa xestión a través dun sistema de control remoto das luminarias, proxectores e centros de mando. Esta renovación permitirá un aforro enerxético estimado do 60 %.

A través deste proxecto a Xunta intervirá en 26 portos de titularidade autonómica, os de maior relevancia, que están clasificados coa tipoloxía A do sistema portuario autonómico. Por zonas administrativas, na Zona Norte (costa cantábrica) actuarase en 5 portos, isto é, Ribadeo, Burela, Viveiro-Celeiro, Cariño e Cedeira. Na Zona Centro, correspondente coa franxa atlántica da provincia da Coruña, en 12: Sada-Fontán, Malpica, Laxe, Fisterra, Cee, Muros, Portosín, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Cabo de Cruz e Rianxo. Finalmente, na Zona Sur, provincia de Pontevedra, en 9 portos: Vilanova de Arousa, O Xufre, Tragove, O Grove, Portonovo, Combarro, Bueu, Cangas e Moaña. Os traballos darán comezo neste último trimestre do ano e o prazo de execución total será de 6 meses.

Nestas dársenas instalaranse en total 2.502 luminarias e proxectores LED para a iluminación exterior das instalacións portuarias así como o equipamento informático necesario para a configuración do sistema de telexestión. Ademais, retiraranse as luminarias existentes e farase a revisión e posta a punto das 625 luminarias LED xa existentes. Finalmente, acondicionaranse as redes de iluminación e revisaranse os centros de mando ademais de implementar un sistema de control de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 278M€ EN CASE 2.700 OBRAS PARA MODERNIZAR E MELLORAR OS CENTROS EDUCATIVOS

- Rueda salienta que o Goberno galego cumpre co Plan de nova arquitectura pedagóxica 2021-2024, unha folla de ruta “que non tiña precedentes ata o de agora”
- Están en marcha o 98 % das intervencións incluídas na planificación, mentres que as restantes están xa comprometidas para a súa próxima execución
- Amplíanse 43 centros cun fondo de case 68M€ para atender as necesidades de matrícula e de formación do alumnado en zonas con dinamismo demográfico
- As intervencións buscan mellorar o confort de alumnado e profesorado, optimizar o consumo enerxético e dotar os centros de espazos máis actuais

O Consello da Xunta analizou hoxe o balance desenvolvido pola Consellería de Educación, Ciencia, FP e Universidades a través do Plan de nova arquitectura pedagóxica no período 2021-2024. Nel, conclúese que o labor de rehabilitación e mellora de colexios e institutos supuxo un investimento de máis de 278 millóns de euros.

Tal e como salientou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, “cumprimos con este plan que era moi ambicioso, que non tiña precedentes ata o de agora e que sen dúbida é moi importante na modernización dos centros educativos”.

Segundo destacou o máximo responsable do Goberno galego, “seguimos traballando para facer dos centros educativos públicos en Galicia espazos confortables, accesibles e axeitados ás novas políticas educativas que estamos poñendo en marcha”.

Así, o plan inclúe case 2.700 actuacións para mellorar as instalacións de escolas, colexios, institutos, centros integrados de FP e conservatorios dependentes do Executivo autonómico. Neste momento están rematadas, en execución ou licitadas o 98 % delas, por un importe de máis de 229M€. O 2 % restante xa está comprometido, de tal forma que boa parte xa contan con proxecto encargado ou en revisión para a súa próxima execución. O orzamento inicial para estas actuacións é de 49M€, cifra que se incrementará unha vez que os servizos económicos terminen de perfilar a intervención.

Por provincias, a distribución das actuacións e o seu orzamento é a seguinte:

Provincia	Obras en marcha: rematadas, en execución ou licitación			Obras comprometidas
	Grandes obras	Obras pequenas e medianas	Instalacións fotovoltaicas	
A Coruña	107 actuacións	861 actuacións	20 actuacións	22 actuacións
	64,3M€	12,5M€	566.000 €	20,1M€
Lugo	46 actuacións	367 actuacións	14 actuacións	6 actuacións
	27,5M€	7M€	387.000 €	1,1M€

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	28 actuacións	585 actuacións	7 actuacións	8 actuacións
Ourense	25,8M€	13,1M€	205.000 €	6M€
	132 actuacións	460 actuacións	21 actuacións	11 actuacións
Pontevedra	63,2M€	14,2M€	582.000 €	21,8M€

Construción e ampliación

Esta planificación comprende tanto obras de grande envergadura como a dotación de instalacións fotovoltaicas e as intervencións de pequena e mediana envergadura. As primeiras teñen períodos de execución de varios meses, de aí que as actuacións se desenvolvan en convivencia coa actividade escolar, algo no que a Consellería ten moita experiencia como demostra, por exemplo, a ambiciosa rehabilitación integral desenvolta no IES Valle-Inclán de Pontevedra, a de maior importancia con case 5M€. As obras de menor complexidade céntrase maioritariamente no verán, un momento en que se intensifica especialmente a actividade para aproveitar as vacacións do alumnado.

Como grandes obras inclúese a creación de novos centros, como a do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros (Ourense), o colexio do Milladoiro (Ames) ou o futuro Instituto IES Domingo Villar (Vigo). Estes dous últimos serán os primeiros centros educativos construídos de xeito íntegro baixo os parámetros do plan no que atinxe á accesibilidade, a flexibilidade e á relación coa contorna.

Cómpre salientar tamén as grandes ampliacións, casos que na súa meirande parte supoñen a construción de novos edificios e talleres. En concreto, a Xunta está a ampliar 43 centros de ensino cun investimento de case 68M€ para atender as necesidades de matrícula e de formación do alumnado. Están xa rematadas aos do institutos IES Sanxillao (Lugo, 1,8M€), IES Xesús Ferro Couselo (Ourense, 3,3M€) ou a do Centro Integrado de FP Carlos Oroza (Pontevedra, 2,8M€). Ademais, están xa en marcha outras de gran envergadura como a ampliación do Instituto IES Aquis Celenis (Caldas de Reis, 5,4M€) ou a do Centro Integrado de FP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa, 3,7M€).

Cambio de cubertas, fiestras, iluminación

Ademais, e no marco do compromiso do Plan de nova arquitectura pedagóxica de avanzar na eficiencia enerxética dos centros educativos, as grandes obras inclúen tamén rehabilitacións integrais e as melloras sectoriais, estas últimas incluíndo cambios de cubertas, de luminarias ou de fiestras, principalmente. Todas elas están encamiñadas a mellorar o confort térmico e acadar destacados aforros no consumo de luz e calefacción.

Neste mesmo marco investíronse case 6,4M€ en dotar os centros educativos de seis instalacións de biomasa e 62 fotovoltaicas. Neste punto destaca a construción de dúas centrais de biomasa: o do rueiro educativo de Lugo que abastece diferentes centros educativos (2,2M€) e a do Colexio CEIP Xesús Golmar (Lalín, 1,1M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aseos, accesibilidade, patios

A maiores, no período 2021-2024 executáronse 2.273 actuacións de pequena e mediana envergadura, orientadas a mellorar as instalacións dos centros e os seus servizos, e que van desde tarefas de pintado ata reformas de aseos, pequenas melloras de accesibilidade, obras de humanización ou arranxos de patios, entre moitas outras.

Só ao longo deste verán concéntranse 535 actuacións deste tipo nas catro provincias, por preto de 12,5M€, ao abeiro do Plan de benestar e accesibilidade na escola (Plan BEN_Estar 2024). Trátase da contía máis elevada dos últimos cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-421 NA AGUALADA, NO CONCELLO DE CORISTANCO

- A actuación suporá un investimento autonómico que rolda os 764.000 euros
- Trátase de humanizar 130 metros da travesía, desde a intersección coa AC-552, e executarase unha senda peonil de máis de 600 metros desde o final da travesía
- A senda incluírá unha pasarela peonil de 15 metros de longo sobre o río Calvar
- A intervención inclúe tamén as obras necesarias para evacuar a auga da calzada
- A Xunta someterá nas vindeiras semanas o proxecto a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar a execución das obras xa no 2025

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional do proxecto de acondicionamento da estrada AC-421 na Agualada, no concello de Coristanco.

Esta actuación conta cun investimento do Goberno galego estimado en case 764.000 €, e ten como obxectivo executar as obras de humanización do treito inicial desta estrada autonómica ao seu paso polo municipio, no cal se inclúe a execución dunha senda peonil, a mellora de beiravías e do firme, así como a mellora da drenaxe da vía.

A actuación definida no proxecto avaliado hoxe polo Executivo autonómico permite a reorganización de espazos e mellora dos pavimentos no tramo de travesía da AC-421 comprendido entre o punto quilométrico 0 e o 0+135, ampliando beirarrúas coa diminución do ancho de calzada e redistribuíndo as zonas de aparcadoiro, dando maior protagonismo ao peón.

Ademais, comunicarase co núcleo da Agualada, as vivendas dispersas situadas ao longo de estrada ata o punto quilométrico 0+750 mediante unha senda pola marxe dereita. Na actualidade, este tramo de estrada carece de beiravía ou beirarrúa, polo que con esta actuación se persegue o fomento da mobilidade sustentable en condicións seguras.

Doutra banda, para mellorar a drenaxe da vía darase continuidade á cuneta formigonada existente no quilómetro 0+980 pola marxe esquerda ata as casas situadas no punto 0+750, que ao ter as dimensións dunha cuneta de seguridade poderá ser transitada polos viandantes en caso de necesidade. Ademais, separaranse as redes de saneamento e pluviais.

As actuacións definidas

Segundo o proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, as obras consistirán na humanización do tramo de travesía da AC-421 entre a intersección

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coa AC-552, no quilómetro 0 e o 0+135, incluíndo a renovación da iluminación. Ademais, executaranse de forma separativa as redes de pluviais e de fecais.

Neste tramo urbano reducirase o ancho dos carrís ata os 3 metros para ampliar así o ancho dos itinerarios peonís e reorganizaranse os aparcadoiros pola marxe esquerda.

Fóra do núcleo e ante a ausencia de beiravías proxéctase a construción dunha senda peonil pola marxe dereita, entre os puntos quilométricos 0+135 e 0+755, conectando mediante un itinerario seguro de 620 metros de lonxitude as vivendas dispersas existentes ao longo da estrada co núcleo urbano da Aqualada.

A senda dispoñerá dun ancho medio entre os 2,35 e os 2 metros, reducíndose o mesmo no tramo comprendido entre os puntos 0+175 e 0+237 onde a existencia dun muro impide dispoñer dun ancho de senda suficiente, dispoñendo así un ancho transitable, contando coa beiravía, entre 1,50 e 1,70 metros. Neste tramo dispoñeranse balizas reflectoras como elemento delimitador entre a calzada e a senda.

Tanto as beirarrúas do tramo de travesía como a senda delimitaranse respecto a calzada mediante bordo de formigón prefabricado e elevado 10 centímetros sobre a rasante desta, excepto na travesía que será de 5 centímetros para evitar ter que dispor rebaixamentos nos bordos moi seguidos que poidan dificultar a mobilidade peonil e ciclista. Empregarase pavimento de formigón coloreado en cor terrosa, e nos accesos ás parcelas o formigón irá reforzado con malla electrosoldada. Empregarase pavimento podotáctil nos vaos peonís.

Ademais, entre os puntos quilométricos 0+712 e 0+727, coincidindo co cruzamento sobre o Río Calvar, proxéctase unha pasarela de madeira de 15 metros de longo apoiada en estribos cargadeiro de formigón.

Proxéctase tamén a rehabilitación do firme entre os puntos quilómetros 0 e 0+980, no enlace coa autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55), incluíndo a execución dunha cuneta de seguridade pola marxe esquerda entre os puntos quilométricos 0+750 e 0+980.

Veranse afectadas liñas aéreas de electricidade, a iluminación municipal no tramo de travesía e liñas de telefonía. Tamén se inclúe a renovación da rede de abastecemento e a inclusión un prisma que permita a instalación nun futuro de diversos servizos.

No proxecto definíronse tamén as obras necesarias para evacuar a auga da calzada e restituír a continuidade da auga que circula transversalmente á traza desta polas concas interceptadas.

Cómpre sinalar que na redacción deste proxecto tivéronse en conta a coordinación das actuacións deste co proxecto redactado polo Concello de Coristanco de humanización da avenida de Finisterre (AC-552) e rúas interiores en Boimorto-A Aqualada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Agora, tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo dun mes.

Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén para os efectos expropiatorios, xa que, coa intervención, se afectan 10 predios cunha superficie total de 368,78 m².

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo do vindeiro ano. O prazo de execución das obras é de 6 meses.



Treito de actuación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Travesía da AC-421 na Agualada



Paso sobre o río Calvar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Actuación na travesía da Agualada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATA POLO PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA O TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE DA ÁREA DE VIGO, POR 4 M€ E UN PERÍODO DE TRES MESES

Deste xeito, o Goberno galego garante que o servizo continúe na súa prestación, ata a adxudicación dun novo contrato

O Consello da Xunta abordou hoxe, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade, polo que se dá conta da declaración de emerxencia para a contratación do servizo de transporte sanitario non urxente da área de Vigo, por importe de 4.055.279 euros e unha duración inicial de tres meses, coa UTE formada por Emerxencias Sanitarias, S.L.U. e Ambulancias Saluser, S.L.

Así mesmo, está prevista a posible prórroga do contrato por outros tres meses e un importe de 3.430.442 euros. Mentres dure este contrato, tramitarase outro novo, mediante procedemento aberto.

Con esta contratación por emerxencia, que se iniciou o 1 de setembro, a Xunta garante esta prestación esencial para dar unha asistencia completa e adecuada aos pacientes, logo de que área sanitaria de Vigo, que atende unha poboación de ao redor de 568.000 persoas, acordou a resolución deste servizo coa empresa que o estaba a realizar, por causa imputable ao contratista.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA O 'XUVENTUDE CREA' MÁIS TRANSVERSAL E CON MAIOR VISIBILIDADE DOS 15 ANOS DO CERTAME

- O Consello dá luz verde á edición 2024 deste encontro que supón un escaparate para o talento da mocidade galega en diversos eidos artísticos
- O prazo de presentación de solicitudes, que se fará a través da sede electrónica da Administración autonómica, iniciarase este mércores e rematará o 10 de outubro
- A iniciativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achega importantes novidades este ano como o fomento de oportunidades e participación en eventos
- Entre as melloras tamén se reforza a coordinación entre distintos departamentos da do Goberno galego, como Emigración ou Emprego
- Os traballos, cos que poden concorrer por primeira vez galegos residentes no exterior, divídense en 16 especialidades, aumentando en dúas as categorías

A Xunta de Galicia aposta na décimo quinta edición do Xuventude Crea por un certame que proporcione máis visibilidade, promoción e oportunidades no sector aos seus gañadores nas distintas modalidades artísticas que abrangue. Así se deu conta no informe avaliado hoxe polo Consello en que se recollen varias novidades destinadas a mellorar a proxección do talento da mocidade galega na convocatoria de 2024, mantendo a finalidade de estimular e apoiar a imaxinación, a creatividade e a innovación.

Deste xeito, desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude preténdese reforzar a transversalidade das políticas públicas en materia de xuventude e a coordinación entre distintos departamentos da Administración autonómica como a Secretaría Xeral de Emigración, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais ou a Axencia Galega das Industrias Culturais. Neste senso, por primeira vez ábrese a iniciativa á participación das persoas galegas residentes no exterior, que poderían viaxar á Comunidade no caso de chegar á final mediante a Estratexia Galicia Retorna. Ademais, grazas aos Polos de emprendemento e apoio ao emprego os responsables das obras gañadoras terán a posibilidade de ser seleccionados para un programa de formación e *mentoring* para poñer en marcha o seu proxecto.

Ao abeiro desta convocatoria os mozos e mozas creadoras verán incrementadas nesta edición as súas oportunidades de dar a coñecer as propostas premiadas en eventos de referencia no sector artístico internacional.

Das artes plásticas aos creadores de contido

O Xuventude Crea 2024 contará con 16 categorías, dúas máis que o ano pasado. Así incorpórase a modalidade de DJ e creación de contido, atendendo aos intereses actuais da xente moza. Ademais, dentro da especialidade de teatro créanse dúas seccións con cadanseus recoñecementos. Na sección *Amador* participarán grupos de teatro xuvenís vinculados a centros de educación secundaria, grupos amadores ou escolas municipais, entre outros. Por outra banda, a sección *Pro* está destinada a compañías de nova creación, profesionais emerxentes, grupos formados por alumnado ou egresados da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Escola Superior de Arte Dramático de Galicia. Cómpre sinalar que neste último, ademais do premio económico, o Centro Dramático Galego poderá apoiar as persoas ou compañías gañadoras impulsando o lanzamento do seu proxecto artístico.

O certame complétase coas disciplinas de artes plásticas, fotografía, moda, deseño de xoias, arte urbana, música, cocíña, videocreación, banda deseñada, novela curta, creación de videoxogos, poesía e danza. Neste senso, organizaranse varias exposicións e eventos finais para dar a coñecer os traballos e os premiados. Uns recoñecementos que se outorgarán oficialmente nunha gala prevista para mediados de decembro.

15 anos descubrindo talento

O certame chega este ano á súa décimo quinta edición sendo un programa consolidado e con moi boa reputación no eido cultural e artístico galego. Por el pasaron algo máis de 4.700 mozos e mozas, con 3.513 obras e proxectos creativos, e repartíronse 582 premios por importe total de 873.500 euros. Este ano, por cada categoría, ademais das vantaxes descritas, os premios económicos serán de 2.000€ para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro.

Trátase dunha iniciativa dirixida á mocidade non profesional que desenvolva a súa actividade artística en Galicia (coa novidade este ano dos galegos residentes no exterior), con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Esta supón unha oportunidade de dar a coñecer o que fan, funcionando como unha canle de divulgación das inquedanzas artísticas individuais e colectivas da xuventude e fomentando entre os mozos e mozas o talento e as actividades de ocio e tempo libre saudable.

O prazo de presentación de solicitudes para esta edición, que se fará a través da sede electrónica da Xunta, iniciárase este mércores e rematará o 10 de outubro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO CON 3,4 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 200 AXENTES DINAMIZADORES DA ECONOMÍA LOCAL

- O Consello analizou hoxe as axudas da Consellería Emprego, Comercio e Emigración que financiarán a contratación deste persoal tanto nos concellos como en entidades sen ánimo de lucro e que sairán publicadas proximamente no *Diario Oficial de Galicia*
- O obxectivo é apoiar os consistorios na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e as asociacións que máis o precisan na inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión

O Consello da Xunta analizou hoxe as dúas ordes de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para que os concellos e as entidades sen ánimo de lucro contraten axentes de emprego. O orzamento total destinado a ambas é de 3,4 millóns de euros para apoiar a contratación ou prórroga da contratación da Rede de técnicos de emprego de Galicia. O obxectivo é apoiar os consistorios na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial e as asociacións que máis o precisan na inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión.

Desa cantidade das ordes que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia - DOG-*, 2,2 millóns de euros son para a convocatoria de axentes de emprego de desenvolvemento local e 1,2 millóns de euros para a de axentes das entidades sen ánimo de lucro. Deste xeito, a previsión é financiar en total máis de 200 axentes, a maioría deles nos concellos, e ademais uns 40 axentes en entidades sen ánimo de lucro.

Así, as funcións principais destes axentes son colaborar de cara á creación de actividade empresarial, actuar como promotores desa actividade e servir de asesores puntuais de proxectos de empresa e como prospectores de mercado, contribuíndo á dinamización da economía local e á xeración de novas actividades no ámbito local e rural.

Con estas axudas, a Xunta potencia o papel da Rede de técnicos de emprego de Galicia como motor do emprendemento e da creación de emprego co gallo de apoiar a constitución de pequenas e medianas empresas, contribuír á cobertura de vacantes laborais, así como favorecer un tecido empresarial máis estable, a diversificación de actividades e, sobre todo, un crecemento económico sustentado. Trátase, así, dunha figura especializada na promoción do emprego coa que se procura axudar ás empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, realizando un importante labor que contribúe - ao tempo- a fixar poboación.

Actuacións da Rede de técnicos de emprego de Galicia

Entre as actuacións desta Rede inclúense a promoción da igualdade de oportunidades e o acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais, asesorando e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

informando sobre a súa viabilidade técnica, económica e financeira e aplicando técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados, para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

Ambas as ordes de axudas concordan coa Estratexia europea para o emprego e enmárcanse nas competencias en materia de formación para o emprego, políticas activas de emprego e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral e forman parte dun dos retos principais do Goberno galego para favorecer e impulsar o emprego.

Ao mesmo tempo contribúen ao impulso ao emprendemento, ámbito en que a Xunta traballa a través doutras medidas como a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que conta con 14 centros activos no conxunto do territorio e presta asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras de Galicia en calquera fase que se atope o seu proxecto empresarial, de principio a fin.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda anuncia a próxima posta en marcha do Banco de Explotacións e adianta que se habilitará unha nova liña de axudas para favorecer a remuda no agro

- Destaca que a remuda xeracional é “fundamental” para o futuro do rural galego
- O banco de explotacións, que se porá en marcha antes que remate o ano, propiciará o contacto entre titulares de explotacións que cesan ou van cesar a súa actividade e as persoas interesadas en asumir a súa xestión
- A nova orde de axudas estará dotada con 2,1 millóns de euros para o período 2025-2029 e favorecerá a cooperación na sucesión de explotacións, beneficiando as persoas físicas ou xurídicas xefes de explotación que se xubilen ou teñan outras causas para ceder a súa granxa
- Para acompañar a posta en marcha do Banco, desenvolveranse, ademais, medidas de apoio como un visor informático público, modelos normalizados e accións de formación dirixidas ao persoal das oficinas rurais para que este, á súa vez, poida prestar apoio e asesoramento ás persoas interesadas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe, tras o Consello da Xunta, dúas medidas para favorecer a remuda xeracional no rural galego, un aspecto que considerou “fundamental” para garantir o futuro do sector.

Así, anunciou a próxima posta en marcha do Banco de Explotacións, unha plataforma na que, explicou, se poderán inscribir as explotacións que van pechar nos próximos meses e non atopan remuda ou non teñen ningún familiar disposto a facerse cargo. “Queremos garantir que estas instalacións, na medida do posible, sigan funcionando, e se pode ser, mellorándose e modernizándose”, precisou. Así, poñerase en contacto a propietarios da explotación e xente interesada en continuar co negocio, mediante compra ou arrendamento, “con conversas e trámites auspiciados pola Xunta de Galicia”. A previsión é que estea en marcha antes de que finalice o ano.

Este banco será o paso previo á publicación, por primeira vez, da convocatoria de axudas á cooperación para a sucesión no agro, coa que se quere afondar na remuda, e que se fará efectiva o vindeiro ano cunha dotación orzamentaria total de 2,1 millóns de euros para o período 2025-2029, que ademais, tal e como adiantou o titular do Executivo galego, vai ser compatible con outras axudas que se poidan solicitar para o funcionamento das explotacións.

Pola súa banda, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, insistiu en que garantir o futuro do sector primario “é unha prioridade” do Goberno galego, e por iso se está elaborando un plan de remuda xeracional “amplo e transversal”, no que se inclúen as medidas informadas hoxe.

Precisou que a través do banco de explotacións fomentárase a remuda extra-familiar naquelas explotacións que non contan con expectativas de continuidade dentro da unidade familiar. Ao mesmo tempo, actuará como instrumento de intermediación no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proceso de transmisión de explotacións. Esta posibilidade constitúe unha “moi boa oportunidade” tanto para o titular da explotación (cedente) como para a persoa que asume a xestión dunha explotación viable (cesionario).

Así, por unha banda, os cedentes, titulares de explotacións agrarias familiares, poderán complementar a súa pensión de xubilación cos ingresos xerados polo arrendamento ou venda da súa explotación e, por outra parte, os agricultores mozos ou novos agricultores ou profesionais xa en activo poderán acceder á xestión dunha explotación en funcionamento e viable.

Todo o proceso de transmisión de explotacións a través do Banco estará tutelado pola Xunta, tal e como avanzou o Presidente, por medio da rede de oficinas rurais. Desde estes centros informarase e prestarase asesoramento aos interesados e, ademais, tramitaranse as solicitudes.

A conselleira resaltou que esta iniciativa constitúe tamén unha aposta pola sustentabilidade, porque se lle dá “unha segunda vida a estas granxas que doutro xeito quedarían abandonadas, tanto as edificacións como as terras”, e contribúe tamén á “dinamización territorial”, ao favorecer que as explotacións “non se concentren tanto no mesmo lugar”.

Innovadora liña de axudas

A nova liña de axudas vinculada ao Banco prestará apoio aos agricultores e gandeiros que decidan cesar na súa actividade agrícola ou gandeira, co fin de ceder a súa explotación, mediante a presentación dun proxecto de cooperación entre ambas as partes. Polo tanto, os beneficiarios destas achegas poderán ser as persoas físicas ou xurídicas xefes de explotación que acadasen ou vaian acadar a idade de xubilación ao final da operación, ou ben que teñan que abandonar a actividade por outras causas de forza maior ou excepcionais. Deberán presentar un proxecto de cooperación entre a persoa agricultora e/ou gandeira en situación de xubilación e a persoa sucesora que vaia asumir a xestión da explotación, no cal se recolla un contrato de arrendamento o compravenda (ou outro negocio xurídico) para a transferencia da explotación. A previsión, segundo a conselleira, é que se poña en marcha o ano que vén.

Trátase, fundamentalmente, de evitar o peche de explotacións viables. Esta axuda estará ligada ao Banco, polo que a explotación que se vaia ceder debe estar inscrita nel. Cada subvención calcularase en función da dimensión económica da explotación e terá unha duración limitada a cinco anos.

Pero, ademais, tanto as persoas cedentes como as cesionarias poderán acceder a outras liñas de axuda establecidas dentro do Plan estratéxico da PAC (PePAC) 2023-2027. Trátase das achegas para fomentar a incorporación de persoas mozas á actividade agraria ou de novos activos ao agro (unha liña nova posta en marcha neste 2024) e tamén daquelas destinadas a apoiar os investimentos en explotacións agrarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Próximos pasos do Banco

Para acompañar a posta en marcha do Banco de Explotacións desenvolveranse unha serie de medidas de apoio. En primeiro lugar, porase en marcha un visor público, a modo de ferramenta informática situada na páxina da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que incluírá as explotacións susceptibles de transmisión.

En segundo termo, procederase á adopción e divulgación de modelos normalizados. Con eles, as persoas interesadas que pretendan cesar na súa actividade poderán presentar, por un lado, a solicitude de inclusión dunha explotación agroforestal no Banco. Por outra parte, tamén se poderán presentar as peticións de intermediación para o acceso a unha explotación do Banco por parte de persoas interesadas no arrendamento, permuta, adquisición ou calquera outro negocio xurídico de cesión de uso ou transmisión de dereitos sobre as explotacións inscritas.

Ademais, como outra actuación de acompañamento ao Banco de Explotacións, levaranse a cabo accións de formación dirixidas ao persoal das oficinas rurais para que estes profesionais, pola súa vez, poidan prestar apoio e asesoramento ás persoas interesadas na transmisión de explotacións a través deste instrumento.